

AUTORA

Gabriela Keselman

ILUSTRADORA

Teresa Novoa

TEMAS

Identidade persoal. Familia. Inclusión. A importancia de non xulgar polas aparencias

COMPETENCIAS

Sociais e cívicas. Comunicación lingüística

N.º DE PÁXINAS: 64



Coellos de etiqueta

Todos somos diferentes!

POR QUE LER ESTE LIBRO


Porque demostra o inxusto que é «etiquetar» e xulgar os demais á lixeira sen coñecer a súa personalidade e sen ter en conta as circunstancias.

RESUMO DO ARGUMENTO

Papá e mamá Coello marchan de viaxe e deixan os seus vinte fillos coa avoa. Antes de marchar, explícanlle con detalle como é cada cazapo. Como a avoa é tan despistada, ponlles cadansúa etiqueta, pero chega un vendaval e lévaas polo aire. Daquela, a avoa procura identificar os netos observando como se comportan, pero vai de sorpresa en sorpresa, pois ningún actúa como se supón que debería facelo.

PARA QUEN É ESTE LIBRO

Para lectores aos que lles gustan as historias de animais cun nivel medio de lectura. Aínda que ten moitos personaxes diferentes, posúe elementos recoñecibles, pode seguirse perfectamente polas ilustracións e resulta unha lectura adecuada para ampliar vocabulario.



PROPOSTA DE ACTIVIDADES

INDIVIDUAL

Pídelle a cada alumno que lea o libro coa súa familia (pais, irmáns, avós, tíos...), e que xoguen a intercambiar etiquetas cunha soa palabra que defina o que pensan uns doutros. O obxectivo é realizar unha **lectura compartida** e tratar de eliminar apreciacións apresuradas. Xa na aula, cadaquén terá que comentar como resultou a actividade na súa casa.

PARELLAS

Organiza a clase por parellas, colocando xuntos aos alumnos que non adoiten estalo, e pídelles que **escriban unha etiqueta sobre si mesmos** e outra para o compañeiro que lles tocou. Despois, por quedas, razoarán o seu acordo ou non coa etiqueta que se lles atribuíu, engadirán características que lles acaian e explicarán por que escolleron esa palabra para definirse a si mesmos. Recórdalles que o exercicio debe facerse dende o respecto e a educación. Conclúe moderando un **diálogo** co fin de que reparen en que unha palabra case nunca abonda, que case nunca coincide como nos ven e como nos vemos, no inxusto que resulta poñer etiquetas «tipo», na necesidade de non xulgar polas aparencias, nas virtudes e defectos que temos todos, e en que ser diferente é enriquecedor.

GRUPO

Divide a clase en grupos e reparte todas as etiquetas dos coellínos. Cada un encargárase de **buscar no dicionario** o significado do adxectivo que lle tocou e de relacionalo co carácter atribuído ao cazapo correspondente para comprobar se se axusta á definición e tamén para elaborar **familias de palabras**. Ao rematar, cada grupo exporá os resultados da súa pescuda.

TALLER DE ESCRITURA

Anímaos a que escriban sobre a **relación que manteñen cos avós** e o tempo que pasan canda eles (se alguén non ten avós, pode referirse a outro parente ou persoa coa que pase moito tempo). Con que frecuencia están xuntos? A que xogan? Que cousas lles aprenden? Cántalles contos ou anécdotas de cando eran pequenos? Pídelles que fagan un debuxo dos avós e que describan algún destes aspectos.